



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 26 DE DECEMBRO DE 2019

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2.- Dación de conta dos informes dos Servizos Técnicos Municipais e do Consorcio de Santiago sobre a revisión de muros da cidade, e proposta de actuacións ao respecto.

Convalídanse as iniciativas de emerxencia adoptadas nas rúas do Pombal e Costiña do Monte, así como nos accesos ao Parque Empresarial de Costa Vella; facúltase ao Servizo de Obras e Proxectos para a tramitación da contratación das asistencias técnicas necesarias para a redacción dos proxectos técnicos referidos ás actuacións nas áreas indicadas; e iníciase o procedemento de actualización do Plan de emerxencias para que inclúa unha revisión detallada da situación dos diversos elementos de risco potencial existentes – muros, árbores, elementos de mobiliario urbano, elementos ornamentais, cornixas, fiestras, chemineas, etc) e as iniciativas a adoptar con carácter preventivo.

3.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB VICTORIA para o ano 2019.

Dáse conta do devandito convenio por importe de 10.000 euros.

4.- Dar conta pola alcaldía da renovación da consideración de aula de referencia do Plan de inclusión dixital de Galicia, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, 2020.

Tómase conta da comunicación do xefe do Departamento de Innovación Tecnolóxica da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia na que se notifica ao Concello de Santiago a renovación automática da condición de aula de referencia da Rede CeMIT.